


Novidades



Centauros do Norte

AUTOR: MARCOS CALVEIRO

Editorial: [Rodeira](#) 2011

Serie: [Periscopio](#)

Localización: LIX/CAL/cen

Un carismático líder revolucionario, Pancho Villa. Un mozo, Rafael, que de xeito accidental se ve inmerso na violencia da revolución. Unha moza, Reína, entregada á causa dos villistas e defensora da súa lexitimidade. Un peculiar contador de historias, Longinos. Un novo director de cine, Raoul Walsh, encargado de filmar os derradeiros feitos que estes personaxes van compartir. A novela fala dun amor non correspondido, da loita polos ideais e de posturas encontradas sobre o modo de loitar por eles.

Pomelo y limón

AUTOR: BEGOÑA ORO

Editorial: [SM](#) 2011

Serie: [Gran angular](#)

Localización: LIJ/ORO/pom

A historia de amor de Jorge e María transcende os límites da súa intimidade e convírtese na comidilla do país por mor de flashes, rumrumorese rumores e cotilleos propiciados pola fama das súas nais.

A novela fala do respecto á intimidade e do perigo que supón amosalanas redes sociais



Mensaxes

AUTOR: MARIANO CASAS

Editorial: [El Patito Editorial](#) 2009

Localización: 82-TBO/CAS/men

Cando a Terra está perto do seu final. Unha parella, un home e unha muller, agochados no sótano dunha imprenta, pasan as súas derradeiras horas tentando debuxar no ordenador un cómic para deixar como testemuña deses momentos, xa que as iconas resultan intelixibles por enriba dos idiomas.

Consulta o catálogo da biblioteca na rede
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>



Colabora coa biblioteca



A biblioteca busca axudantes. Só necesitas comprometerte un recreo á semana para realizar labores de axuda bibliotecaria: xestión de préstamos e devolucións, colocación de obras e material da sala, información de usuarios, forrado de libros, etcétera. A cambio obterás algunhas vantaxas como usuario especial da biblioteca e a recompensa polo teu esforzo.

Infórmate na biblioteca.

Outros programas do centro

Programa para a mellora do éxito escolar
I.E.S. Mugardos 2011-2012



 **English Club**

Clubs de lectura

HORA DE LER

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesdemugardos/>



Biblioteca Escolar - IES de Mugardos

Curso 2011-2012

Abrapalabra*

Biblioboletín número 2 – Nadal 2011



*Agasalla libros,
comparte lecturas*

SUMARIO

Textos

"O tizón de Nadal" de Ramón Otero Pedrayo

Información

Novidades na biblioteca.

Autor recomendado: Patrick Rothfuss.

Banda deseñada: Miguelanxo Prado.

Programas da biblioteca e o centro.

25 de decembro

Os primeiros cristiáns non coñecían con exactitude a data do nacemento de Xesús e tampouco había un gran interese pola súa celebración. Os primeiros testemuños sobre a data do 25 de decembro remóntase ao século III, e é no século IV cando queda fixada como data do nacemento de Xesús na tradición occidental, mentres que na oriental prevalece a do 6 de xaneiro.

Unha das explicacións que se ofrecen para a elección do 25 de decembro como data da Natividade de Cristo é a coincidencia coa celebración romana do *diez natalis Solis invicti* (día do nacemento do Sol invicto personificado no deus Mitra). Esta festividade celebrábase entre os días 22 e 25 de decembro cando a luz aumentaba despois do solsticio de inverno.

En Roma, entre o 17 e o 24 de decembro celebrábanse as Saturnalia en honor a un deus da agricultura chamado Saturno. Os romanos decoraban as súas casas con plantas e os amigos intercambiábanse agasallos. A mos e escravos intercambiaban os seus papeis e vivíanse días de alegría e folganza.

O tizón de Nadal

Un do máis antigos costumes do Nadal en Galicia consistía en botar ao lume do lar un gran tronco que se queimaba durante toda a Noiteboa, ou mesmo varias noites deica Aninovo. Daquela, este cepo tiña que ser grande e de boa madeira de cerna de carballo. As lapas eran testemuña de todas as historias e contos de vellos, das panxoliñas

entoadas familiarmente e das lérias e brincadeiras dos rapaces da casa.

E cando esmorecía o lume, os carbóns e borrallas dese cepo aínda tiñan unha segunda vida. Gardábanse durante todo o ano porque se lles atribuían a propiedade máxica de escorrentar as treboadas. Cando viña unha tronada, bótabase de novo á lareira unha pouca cinsa do cepo de Nadal. As ascuas reavivadas espantaban os lóstregos.

Esta tradición foi recollida por **don Ramón Otero Pedrayo**. Así explicaba o tizón de Nadal:

"É un cañoto grande dun árbore, que nas montañas do leste da provincia de Lugo, en moitos sitios da de Pontevedra, e noutras terras, botan ó lume na noite do 24 de Nadal, e deixan queimar deica a metade, e o que queda gárdano pra cando hai treboada; entón, bótan de novo a arder na lareira, pra arredar o pedrazo e os raios. Nalgús lados, semella que aproveitan a borralla pra botaren nos eidos, o cal si que é un verdadeiro rito fertilizante de maxia agraria. Mais tamén ten relación coa presenza das ánimas da familia na noite de Nadal, arredor do lume".

Banda deseñada

Miguelanxo Prado na biblioteca

Ten recoñecido o título indiscutido de ser o máis importante autor na historia da banda deseñada galega. Todos o coñecemos aínda que só sexa polo debuxo do Xabarin que triunfou ata hai pouco na TVG. Pero se queres descubrir a súa obra, a biblioteca ofrécche desde o seu primeiro álbum en solitario ata o libro da película *De Profundis*, escrito e ilustrado polo propio autor.

Fragments de la enciclopedia délfica

Autor/es: [Prado, Miguelanxo](#)
Localización: 82-TBO/PRA/fra

Crónicas incongruentes / Miguelanxo Prado

Autor/es: [Prado, Miguelanxo](#)
Localización: 82-TBO/PRA/cró

Trazo de tiza / Miguelanxo Prado

Autor/es: [Prado, Miguelanxo](#)
Localización: 82-TBO/PRA/tra

De Profundis / PRADO, Miguelanxo

Autor/es: [Prado, Miguelanxo](#)
Localización: 82-IL/PRA/pro




Páxina persoal:

<http://www.miguelanxoprado.com>

A película: <http://www.deprofundislapelicula.com/>

Autor recomendado

Patrick Rothfuss



"Patrick Rothfuss tivo a sorte de nacer en Wisconsin, onde os invernos son longos e a falta de televisión por cabo provocoulle un amor pola lectura e a escritura." Así comeza a presentación na súa páxina oficial deste autor que din que é o novo Tolkien. Daquela, se che gustan as novelas fantásticas, de seguro que as súas obras non necesitan presentación.



Páxina oficial

<http://www.patrickrothfuss.com>

|

|